<ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. - Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. - Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. - Pedir axuda. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). - Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor comunicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. <p>B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.</p>
<p>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo

- B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:
 - Sons e fonemas vocálicos.
 - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
 - Procesos fonolóxicos máis básicos.
 - Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.
- B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:
 - Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
 - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
- B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:
 - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
 - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
 - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
 - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- B5.4. Plurilingüismo:
 - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
 - Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- B5.5. Funcións comunicativas:
 - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
 - Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
 - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
 - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e

- B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
- B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.
- B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.
- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
- B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.

<p>expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. - Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. - Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <p>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. - Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma</p>	
--	--

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais rítmicos e de entoación:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de orto grafía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira. – Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento da realidade multilingüe do propio contorno. – Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relación s persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso. 	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.</p> <p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p> <p>B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus exponentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p> <p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p> <p>♣ B5.10. Participar en proxectos (elaboración de</p>
---	---

<p>B5.6. Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>– Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.</p> <p>B5.8. Estructuras sintácticodiscursivas propias de cada idioma.</p>	<p>materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>
--	--

4 Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:

Estándares de aprendizaxe avaliable

Segundo o RD 1105/2014, no seu artigo 2, define os estándares de aprendizaxe avaliables como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o estudante debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas comparables.

O Artigo 13 da Resolución do 27 de xullo de 2015 establece que as programacións didácticas deberán concretar, para cada estándar de aprendizaxe, a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e o procedemento e os instrumentos de avaliación.

Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

Básicamente se tratarán de esta forma as unidades contidas no libro:

1º Trimestre: Unidade de Introducción (Getting Started) e unidades 1, 2.

Debido ó confinamento do curso anterior e para paliar as carencias de aprendizaxe que se poideron ter dado, dárase suma importancia á revisión dos contidos pertencentes á 3º de ESO na 1ª avaliación. Polo tanto, a revisión e adquisición de contidos básicos primará sobre a temporalización destes.

2º trimestre: unidades 3, 4, 5

3º trimestre: unidades 6, 7, 8.

A unidade 9 e de revisión de todo o curso e só se contempla se o temporalización o permite. Como se fará unha vasta revisión de tódolos contidos anteriores a final de curso, consideramos que esta unidade queda xa amplamente traballada.

Ao ser ésta unha materia progresiva, enténdese que non se rexeitan contidos e capacidades senón que o xa visto estará sempre vixente e será aplicable en todo momento do curso. De tódolos xeitos, os contidos subliñados serán os preferentes en cada trimestre.

1º TRIMESTRE: A vida extraordinaria: os deportes extremos, a ficción audiovisual , os misterios (sobre)naturais

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES
Comprensión de textos orais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe. 	<p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.</p>

5 Concrecións metodolóxicas

Concrecións metodolóxicas

As nove unidades do *Student's Book* preséntanse en seccións de dúas páxinas que ofrecen a linguaxe e a gramática necesarias para realizar os exercicios de expresión oral e escrita que hai ao final de cada sección. Hai dous textos por unidade, baseados en material auténtico, un deles relacionado con temáticas doutras áreas curriculares. Tamén se presentan dous grupos de vocabulario temático en cada unidade, e unha actividade de reciclaxe axuda a revisar o vocabulario aprendido con anterioridade, para asegurar o repaso e enriquecemento constante. Os exercicios interdisciplinarios e culturais están integrados nas propias unidades o cal proporciona unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática preséntase nun contexto actual tanto no oral coma no escrito. Ao final do libro está a sección *Grammar Charts and Extra Practice*, que contén cadros gramaticais presentados de forma clara e tamén exercicios de nivel básico para que os alumnos/as cun nivel máis baixo revisen e practiquen os contidos gramaticais. Estes exercicios están graduados para que se poidan realizar de maneira progresiva os exercicios de nivel máis alto da unidade. Estes exercicios están divididos en dous niveis.

As páxinas dedicadas á habilidades proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten que o alumnado practique a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real. O apartado *Pronunciation* céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades adicionais de comprensión e expresión oral en todas as seccións do *Student's Book*, que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar ao alumnado a comunicarse de modo eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados, unidade a unidade, para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

Cara ao final de cada unidade está a sección *Way to English*, que se centra no inglés funcional que se utiliza en situacións comunicativas reais. Esta sección remata cun exercicio práctico baseado nunha situación real.

O Ice Classroom aparece ao longo de cada unidade axudando ao ensino dinámico e constante. Inclúe: Communication Videos, para o ensino da lingua funcional e a práctica oral dando a oportunidade ao estudante de ver unha comunicación da vida real en acción; Culture Videos, para acompañar aos textos culturais e CLIL achegando información adicional adaptada ao nivel lingüístico do alumnado; Slideshows, para obter máis información sobre o tema da unidade mediante presentacións de diapositivas baseadas en contidos culturais e de diferentes áreas curriculares. Son unha achega extra interesante para calquera clase e serven para ampliar os coñecementos xerais dos alumnos/as sobre o mundo que os rodean; Grammar Animation, para traballar os contidos gramaticais con animacións visuais de maneira divertida e en contextos reais; Vocabulary Presentation para presentar e revisar vocabulario, inclúe listas de palabras con audio e a súa tradución á lingua propia que axudará á práctica, á avaliación e á ortografía; Games para a revisión do vocabulario e a gramática a modo grupal con toda a clase; Extra Practice para axudar a repasar a gramática e vocabulario presentado no *Student's* e Speaking Exam Practice: exercicios estruturados en base ao exame CEF.

Tamén hai tres seccións de repaso no *Student's Book*. Estas inclúen exercicios do vocabulario e da gramática aprendidos nas tres unidades anteriores, unha páxina de literatura e un proxecto, que inclúe a tarefa *Techno Option*.

Ao final do *Student's Book* atópase unha sección cultural e interdisciplinaria chamada *Extra Reading*. Esta relaciona o inglés con outras materias do currículo escolar (Aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras, AICLE –ou CLIL en inglés–) e preséntalle ao alumno/a unha gran variedade de aspectos culturais dos países anglófonos e do mundo en xeral. Por último, hai unha sección *Grammar Charts and Extra Practice*, un apéndice para traballar en parellas, un apéndice de pronunciación con máis exercicios e unha lista de verbos irregulares que proporcionan a axuda adicional que o alumno/a necesita.

Outros compoñentes tamén son parte integral do método *Way to English ESO 4*.

- O libro “dous en un” *Way to English ESO 4 Workbook e Language Builder* ofrece apoio práctico para lograr os obxectivos de cada unidade. Os exercicios do *Workbook* están graduados por nivel de dificultade (os de vocabulario e gramática teñen tres), comezando coas tarefas máis fáciles e avanzando cara ás máis complicadas. Foron coidadosamente elaborados para que os estudantes poidan repasar e consolidar os coñecementos e as destrezas que acaban de adquirir. Tamén se proporcionan exercicios de autoavaliación en cada unidade, que fan posíbel que os alumnos/as avalíen o seu propio progreso.
- Na sección *Vocabulary Reference* do *Workbook* hai un glosario con vocabulario organizado por orde alfabética e por unidade e con linguaxe funcional, organizado por tema. Tamén hai unha sección *Language Resource*, que contén un apéndice gramatical e unha lista de verbos irregulares. A sección *Writing Resource* inclúe unha guía de escritura que presenta todos os procesos e estratexias de escritura que se ensinan ao longo do curso, e unhas páxinas *Writing Plan* para que os alumnos/as organicen os seus traballos escritos. A sección *Learning Competences* inclúe un informe para completar, sobre a aprendizaxe e evolución dos alumnos/as, así como uns cadros de autoavaliación. O *Language Builder* é unha sección a toda cor destinada a repasar o vocabulario e a linguaxe funcional aprendidos. Os alumnos/as elaboran listas bilingües de vocabulario e linguaxe funcional, organizadas por temas, e despois utilízanas en divertidas actividades para revisar e consolidar o vocabulario.
- O recurso *Interactive Student* inclúe diversas seccións interactivas para axudar aos alumnos na aprendizaxe: *Interactive Wordlist* (glosario interactivo, práctica ortográfica e actividades de vocabulario), *Interactive Vocabulary* (exercicios de vocabulario con autocorrección), *Interactive Grammar* (exercicios de gramática con autocorrección), *Dialogue Builders* (práctica da linguaxe funcional mediante diálogos), *Techno Help* (axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*) e *Communication and Culture Videos* (permiten ver os vídeos ao alumnado desde a casa).
- Os estudantes tamén dispoñen da *Student's Zone* na páxina web de *Way to English ESO 4*, onde atoparán as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book* e dos exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do *Workbook*.
- O *Teacher's Manual*, coas páxinas do *Student's Book* intercaladas, inclúe claras notas didácticas coas referencias a outros compoñentes, destacando sobre un fondo de cor para facilitar a preparación das clases. Para axudar ao profesor/a na avaliación, inclúense varias follas fotocopiábeis, que seguen as pautas do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (*Common European Framework of Reference for Languages*). Con elas poderán coñecer mellor o historial dos seus alumnos/as, os seus estilos de aprendizaxe e a súa actitude ante o inglés. Este compoñente tamén contén moita información cultural e interdisciplinaria sobre os temas tratados no *Student's Book* e actividades extra, opcionais, que permiten sacar o máximo proveito do material.
- O *Teacher's All-in-One Pack* proporciona abundante material fotocopiábel adicional adaptado aos distintos niveis de inglés dos alumnos/as. Contén exames con diferentes niveis de dificultade, tres follas de atención á diversidade por unidade, e actividades extra de expresión oral.
- Para axudarr aínda máis ao profesor/a, existe un revolucionario *Way to English Digital Teacher's Resources*, que inclúe: *Interactive Whiteboard Materials*, coas versións dixitais, enteiramente interactivas, do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder* para facilitar as clases e a corrección (ver as seguintes dúas páxinas desta programación); *Test Factory and Other Resources*, con todo o material do *Teacher's All-in-One Pack* en formato editábel; *Burlington ESO Grammar Factory*, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e *Burlington ESO Culture Bank*, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.
- O vídeo *Everything English* inclúe unha entretida historia en nove capítulos, ambientada no Reino Unido e de gran riqueza cultural, que se centra na comprensión e a expresión oral, o vocabulario e a linguaxe funcional. Vai acompañado de actividades de comprensión de contidos, práctica da linguaxe cotiá e actividades de expresión oral baseadas en exames.

6 Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos

Traballarase, polo menos, cos seguintes materiais e recursos didácticos:

- Libro de texto de referencia: Linda Marks e Emily DEVLIN (2015): "Way to English" 4º ESO, Burlington Books; tanto o Student's Book como o Workbook. Acceso online gratuito este curso que cubriría todo tipo de ensino.
- Libro INTERACTIVO da editorial Burlington para o traballo dixital individual con licencia gratuita da editorial para todos os alumnos co seguimento online da profesora. Este usárase como apoio, tanto en ensinanza presencial coma en suposta semipresencial e/ou online.
- Textos expositivos escritos, artigos xornalísticos e textos publicitarios.
- Vídeos e material extra para a práctica da comprensión oral.
- Páxinas web como material complementario ou de referencia (p.e. "ELLLO" para a práctica de "Listening", etc).
- Uso habitual das TIC tanto no traballo grupal como individual.
- Gramática de Raymond MURPHY (Essential Grammar in Use) de Cambridge University Press.
- UTILIZACIÓN DA AULA VIRTUAL DO CENTRO COMA COMPLEMENTO Ó ENSINO PRESENCIAL E FERRAMENTA FUNDAMENTAL NO CASO HIPOTÉTICO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL E/OU ONLINE.

7 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

7.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais

Por ser o inglés unha materia progresiva, cremos que a maneira máis xusta de valorar o traballo de todo o curso é outorgar unha parte da nota final á nota obtida en cada avaliación trimestral do seguinte modo:

- Primeira Avaliación : 20 % da nota final
- Segunda Avaliación: 30 % da nota final
- Terceira Avaliación: 50 % da nota final

Prevense facer alomenos tres probas de conxunto.

Serán obrigatorias, unha antes de cada avaliación escolar trimestral.

Consistirán en 4 partes fundamentais nas que o alumnado será examinado respecto a súa comprensión escrita (Reading), expresión escrita (Writing), comprensión oral (Listening) e gramática, estruturas e vocabulario (Grammar). A destreza de expresión oral será avaliada informalmente ao longo do trimestre, dentro do contexto de aula onde se pretende que progresivamente o inglés sexa a lingua máis usada na aula.

Os alumnos teñen que realizar todas as probas nas datas acordadas. (En caso de ausencia dun alumno a un exame este podería facelo outro día sempre e cando a ausencia sexa xustificada cun xustificante legal)

Exames de recuperación.

Non se farán exames de recuperación para primeira e segunda avaliación por ser o inglés unha asignatura de avaliación continua. En cada avaliación as probas serán de carácter escrito xunto cunha proba de comprensión oral ou Listening.

Se fose posible realizalas, realizaríanse "PROBAS OFICIOSAS DE RECUPERACIÓN", sen valor oficial mais si con valor orientativo para dilucidar casos especiais dubidosos ao chegar a avaliación final.

No curso 2021-2022 as probas extraordinarias realizaranse á finais do mes de xuño. No período anterior a elas, tódolos estudantes asistirán ás clases: os xa aprobados, para realizar exercicios de ampliación; e os suspensos, para realizar actividades e exercicios de recuperación e reforzo.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS CON IMPOSIBILIDADE DE AVALIACIÓN CONTINUA

De acordo coa normativa, aplicaranse os procedementos previos nas programacións didácticas para a avaliación continua do alumnado.

Casos particulares:

- Cando un alumno falte de xeito xustificable a unha proba de avaliación, o profesor da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ao ritmo normal da clase. Noutras palabras, o profesor decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación do alumno: pódese arbitrar un

procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou ben pódese considerar máis axeitado unificar o contido da proba realizada co de outro instrumento de avaliación previsto para máis adiante.

- Cando un alumno falte de xeito inxustificadamente a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na programación.
- No caso de que un alumno falte durante unha tempada longa e perda varias probas de avaliación, o titor encargarase de coordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por una incorporación tardía ao centro ou por una ausencia longa) non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor aplicará o procedemento extraordinario que teña determinado na programación didáctica nestes casos, co fin de que o alumno poda demostrar que acadou o grado suficiente de adquisición de competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

Para realizar a avaliación parcial tomaranse como referencia os criterios do currículo, especificados nos estándares de aprendizaxe, segundo a temporalización establecida no apartado 4 desta programación.

Non obstante, de acordo co que se indica sobre a temporalización, os bloques de contidos traballaranse en tódolos trimestres dun xeito sumativo. co fin de constatar a evolución do alumno.

Os procedementos e instrumentos de avaliación de cada trimestre figuran no apartado 4.

A adquisición de cada estándar graduarase de acordo coa escala establecida (de 0 a 4 ou de 0-1), en virtude dos indicadores de logro establecidos ao efecto. A cualificación establecerase segundo os criterios especificados no apartado 7.2.

A adquisición dos estándares se indica segundo esta escala:

Escala 0-10:

0

Inadecuado Non presenta o instrumento de avaliación, entrega en branco a tarefa avaliada ou a tarefa non conta con ningún dos elementos fundamentais do indicador establecido.

1 Moi deficiente Contesta algunha pregunta mais sen ningún acerto

2 Deficiente Contesta algunha(s) pregunta(s) con acerto(s) mínimo(s).

3 Insuficiente Omítese numerosos elementos fundamentais do indicador establecido.

4 Insatisfactorio Se ben se fai referencia ao esixido, omítese aínda elementos fundamentais do indicador establecido .

5 Suficiente Acada o cumprimento suficiente do indicador establecido

6 Satisfactorio Ao cumprimento suficiente, engade tratamento bó nun apartado da proba.

7 Competente Ao cumprimento suficiente, engade tratamento bó en máis dun apartado da proba

8 Notable Evidéncianse prácticas sólidas.

Evidencia clara de competencia e dominio técnico no indicador establecido

9 Sobresaliente Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas

10 Extraordinario Exercicio impecable en forma e contido.

Para o alumnado que perdeu a escolaridade, programarase unha proba escrita extraordinaria na que se dea conta de todos os contidos.

Avaliación extraordinaria:

Para o alumnado que non acade a cualificación de aprobado na avaliación final, programarase unha proba escrita extraordinaria a principios de setembro na que se dea conta sobre os contidos do curso e que se puntuará sobre 10.

Non haberá proba de audición, nin libro de lectura nin exposición oral.

7.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación

A cualificación de cada estándar establécese en relación co grao de logro acadado, sendo 5 o grao mínimo especificado no apartado 4. A cualificación da avaliación final establécese en relación co grao de logro dos estándares do curso. A cualificación da avaliación extraordinaria (setembro) farase maiormente sobre os contidos mínimos e non incluírá a expresión/compreensión oral.

Nas **redaccións (compositions) que sexan deberes para casa e coma axuda ó alumnado no uso da auto-corrección de erros coma signo de aprendizaxe, amosarase a redución de puntuación polos erros** do seguinte xeito:

-0'1 por erros menores tales como duplicacións incorrectas ("beautiful"), letras illadas ("advine/advise"), confusión de

vogais ("responsability"), olvido dun apóstrofo ("the children room"), ou un apóstrofo + S con nomes comúns plurais

("the students' room")

-0'2 por erros tais como confusión na orde de palabras ("the car red"), confusión nos posesivos ("his/her"), formas

incorrectas para os verbos irregulares, etc

-0'25 punto por erros máis graves coma utilizar formas verbais do presente por formas do pasado, por escribir palabras en galego e/ou castelán, ser imposible de entender o que se quere expresar ... etc

Os erros repetidos só se contabilizarán unha vez.

O resto dos traballos por escrito serán correxidos igualmente pero sen utilizar estas penalizacións.

Prevense facer 3 probas importantes ao longo do curso, unha por trimestre.

Ao ser o inglés unha materia progresiva, cremos que a mellor fórmula é outorgar unha porcentaxe da nota final a cada avaliación da seguinte maneira:

-Primeira Avaliación : 20 % da nota final

-Segunda Avaliación: 30 % da nota final

-Terceira Avaliación: 50 % da nota final.

A cualificación de cada estándar establécese en relación co grao de logro acadado, sendo 5 o grao mínimo de aprobado especificado no apartado 4 e na sección 7.3. A cualificación da avaliación final establécese en relación co grao de logro e a ponderación de cada un dos estándares do curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria (=setembro) farase tamén sobre os estándares esenciais e terá unha puntuación máxima posible de 10.

ESTÁNDAR	(Non) ESENCIAL	/ PONDERACIÓN	Aparece no ... trimestre
SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado	NE	0 %	2º
SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	E	15 %	1º, 2º, 3º
SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	NE	0 %	2º

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito	E	15 %	1º, 2º, 3º
SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	E	15 %	1º, 2º, 3º
SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de ointes sobre o contido destas.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesia básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	E	15 %	1º, 2º, 3º
SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	NE	0 %	2º
SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	E	15 %	1º, 2º, 3º
SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	NE	0 %	2º
SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	E	15 %	1º, 2º, 3º
SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo	E	20 %	1º, 2º, 3º
SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	E	20 %	1º, 2º, 3º
SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	E	20 %	1º, 2º, 3º

SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.	NE	0 %	2º
SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	E	20 %	1º, 2º, 3º
SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente	NE	0 %	1º, 2º, 3º

Cara á súa avaliación, en cada tanda de exames trimestrais, os estudantes serán examinados de tres destrezas: Listening, Reading, Writing – así como do chamado Coñecemento de Língua.

Segundo a súa conveniencia, aplicaranse

- 1 estándar de Listening (o 1.3 ou o 1.5 ou o 1.6), (15 % da cualificación final)
- 1 estándar de Reading (o 3.1 ou o 3.5) , (30 % da cualificación final; 15%, o texto do exame + 15% do libro de lectura)
- 2 estándares de Writing (o 4.1 ou o 4.3 para o exercicio de redacción; e o 4.2 para o exercicio de Questions e Answers, que haberá en tódolos exames) (40 % da cualificación final) e ademais
- o estándar 5.1, correspondente ao Coñecemento de Língua. (15 % da cualificación final)

A destreza de Speaking será practicada e avaliada na aula mais non afectará á cualificación que obteñan os estudantes.

No caso de confinamento e, en xeral, para información máis detallada, véase o Apéndice ao final da Programación.

7.3 Criterios de promoción

Criterios de promoción

A cualificación de cada estándar establécese en relación co grao de logro acadado, sendo 5 o grao mínimo especificado no apartado 4. A cualificación da avaliación final establécese con cada un dos estándares do curso. A cualificación da avaliación extraordinaria (setembro) farase sobre os contidos mínimos e terá unha puntuación máxima posible de 10.

A adquisición dos estándares se indica segundo esta escala:

Escala 0-10:

0	Inadecuado	Non presenta o instrumento de avaliación, entrega en branco a tarefa avaliada ou a tarefa non conta con ningún dos elementos fundamentais do indicador establecido.
1	Moi deficiente	Contesta algunha pregunta mais sen ningún acerto
2	Deficiente	Contesta algunha(s) pregunta(s) con acerto(s) mínimo(s).

3	Insuficiente	Omitense numerosos elementos fundamentais do indicador establecido.
4	Insatisfactorio	Se ben se fai referencia ao esixido, omítense aínda elementos fundamentais do indicador establecido .
5	Suficiente	Acada o cumprimento suficiente do indicador establecido
6	Satisfactorio	Ao cumprimento suficiente, engade tratamento bó nun apartado da proba.
7	Competente	Ao cumprimento suficiente, engade tratamento bó en máis dun apartado da proba
8	Notable	Evidéncianse prácticas sólidas. Evidencia clara de competencia e dominio técnico no indicador establecido
9	Sobresaliente	Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas
10	Extraordinario	Exercicio impecable en forma e contido.

8 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a		

unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e		

coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

9 Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na ESO, as materias son de contido progresivo polo que a súa superación nun curso supón a superación da materia do curso anterior se estivese pendente.

Ademais da avaliación continua correspondente ao curso no que se está matriculado, realizarase outra avaliación continua particular para a materia pendente, avaliación que será independente da anterior. A superación de esta avaliación continua particular suporá o aprobado da materia pendente.

Teráanse en conta, principalmente, as necesidades do alumnado e polo tanto atenderase á diversidade cun amplo abanico de actividades de ampliación e/ou reforzo. Así, as unidades de repaso do libro de texto e de exercicios do alumno "Student's Book" e "Workbook" facilitan a aprendizaxe, fomentan o repaso e o estudo periódico. Tamén o libro de recursos do profesor "Teacher's Resource Pack" contén actividades de repaso de nivel moi básico, así como actividades de ampliación dos contidos vistos. Todo estas actividades, si o profesor o considerado adecuado, serán ampliadas con outro material adicional.

Ademais, dispoñemos tamén doutros recursos reais como páxinas web, dicionarios on-line, libros de exercicios, grámaticas con exercicios prácticos, etc

Os contidos serán acumulables ao longo de todo o curso, favorecendo, por unha parte que o alumno non esqueza aqueles coñecementos xa adquiridos, e por outra permitindo a aqueles alumnos que non os superaron a posibilidade de facelo hasta finalizado o curso.

Para os alumnos de cuarto curso de E.S.O. co inglés pendente de 3º establécense tres modalidades de recuperación da materia pendente.

En primeiro lugar, mediante a superación dos tres exames parciais en que se lles dividirán os contidos do curso anterior. Tales exames celebraranse en novembro, finais de xaneiro e abril -datas non coincidentes coas avaliacións ordinarias- para posibilitar unha mellor preparación dos mesmos por parte dos alumnos. Para tal fin, crearanse tres dosieres con exercicios da materia correspondente a cada exame, que os alumnos deberán completar e entregar á xefa de departamento dentro dos prazos establecidos polo calendario de xefatura de estudos. A profesora do curso actual, asesorada polo profesor do ano anterior, encargarse da redacción e corrección dos exercicios de revisión, que non son de carácter obrigatorio, pero si altamente recomendables, xa que a súa correcta execución suporá un máximo do 10% da nota final. Ditos traballos incluírán exercicios similares aos que se esixirán na realización das probas.

En segundo lugar, o alumno poderá superar a materia pendente mediante o aprobado dun só exame global a realizar nas convocatorias oficiais que se realizarán nos meses de maio e setembro e que xa foron convocados a principio de curso pola xefatura de estudos. Nestas convocatorias oficiais realízanse probas escritas globais sobre toda a materia.

O profesor encargado de supervisar o progreso destes alumnos é a profesora do curso correspondente.

Para a realización das mesmas non é obrigatorio a presentación dos dosieres de traballo. A realización e corrección desta proba única recaerá na profesora do curso actual.

Ademais das dúas opcións xa citadas, existe unha terceira vía para aprobar a materia pendente.

Por ser o inglés unha materia acumulativa e progresiva, poderá ser superada a materia pendente se o profesor de curso correspondente considera que ao traballo realizado ao longo do ano escolar 2019-2020 acadou os obxectivos básicos mínimos do curso pendente e ten unha avaliación positiva no seu curso actual.

Tódos os alumnos pendentes serán atendidos pola profesora do curso na hora asignada de AP e/ou en calquera momento que o precisen dentro da hora correspondente de clase, e sempre que non interrompa o normal desenvolvemento desta ou nos recreos previo aviso.

10 Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial

En setembro, a inicios de curso, realizaráselles aos alumnos unha proba escrita sobre os puntos básicos de gramática e redacción que se repasan na lección introductoria do libro, ademais dunha proba de comprensión e expresión lectora.

Pediranse conceptos básicos e usos básicos de lingua cuxo descoñecemento ou uso incorrecto permitirá detectar aos alumnos con máis dificultades. Na xunta de avaliación inicial tratarase caso por caso.

Medidas individuais e colectivas

Revisión en clase do exame. Recomendación do profesor, p.e. utilización da plataforma Burlington Interactive.

Para o alumnado que non acade a cualificación de aprobado na avaliación final, programárase unha proba escrita extraordinaria na que se dea conta dos estándares básicos.

11 Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima. No caso que fose necesario, poderanse adaptar os exercicios dos exames ás necesidades deses alumnos mediante medidas tales como a súa presentación en formato test en lugar da súa aparición en forma de preguntas abertas, etc.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise os alumnos dos cursos de ESO.

Como punto de partida temos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas, pero isto non é sinónimo da súa capacidade intelectual. Partimos da base de que todos os alumnos/as son capaces de acadar un nivel mínimo sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Consideramos este aspecto non só na investigación inicial, senón tamén en todo o desenvolvemento do curso. Así o reflicten as actividades, no libro do alumno e no de traballo, ao incluír un repaso continuo de estruturas e vocabulario. Por un lado, ofrecemos tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as. Así, comezamos con actividades máis controladas para, pouco a pouco, permitir que os alumnos e alumnas utilicen eses mesmos contidos en actividades libres ou menos controladas. Por outro lado, incluímos amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos traballadas, e ao mesmo tempo, materia de ampliación para os alumnos/as dun nivel máis avanzado. Tamén incluímos seccións de traballos extras, que se incorporan no manual do profesor e no conxunto de material fotocopiado para que sexa el quen decida.

- A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo cando se trata dun idioma, xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que puidera ter ata ese momento. Na nosa programación tivemos en conta tanto este factor como as diferenzas no ambiente sociocultural do que proceden os alumnos/as, pois todo isto repercute notabelmente, non só no nivel das súas motivacións individuais, senón tamén na forma máis lóxica e funcional de presentar os contidos aos alumnos/as. Para seleccionar os libros de texto e o material a utilizar neste curso tivemos en conta o propio punto de vista dos alumnos/as, para adaptalos ás súas idades, experiencias e contorno.

- Os estilos de aprendizaxe

Ao longo dos últimos anos realizáronse toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar

un idioma.

Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfrenta ás súas tarefas escolares. Uns alumnos/as poden reaccionar moi rapidamente e sen embargo necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, non obstante outros poden traballar máis a conciencia, aprendendo máis amodo, para acadaren o mesmo resultado final. Este factor foi tido en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática paso a paso, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de potenciación das capacidades de aprendizaxe deseñáronse as actividades, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para reforzar a autonomía na aprendizaxe e tamén cada destreza comunicativa. Por iso, promovemos, desde a primeira unidade, a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso, e de como aprenden de maneira máis efectiva. Este sistema implica maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

Así e todo, no manual do profesor sinálase o tipo de estratexia que potencia cada actividade e o procedemento a seguir para sacarle o máximo rendemento posíbel. Ademais, no libro de traballo preséntanse diversos tipos de reforzo individualizado; por un lado, para os alumnos/as máis analíticos, táboas, encrucillados e exercicios; e por outro lado, moita e moi variada práctica e traballos para os máis impulsivos.

• Os intereses dos alumnos/as

É ben sabido que os intereses dos alumnos/as vanse diversificando coa idade ó longo da súa estadía no centro. O interese de cada un deles por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e /ou necesidade de facelo. Por iso incorpórase unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría.

Ademais, lévase a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder a un test de cultura xeral, manter conversacións informais entre xente nova, escribir correos electrónicos, entender á xente da súa idade doutros países, etc.

Por último, consideramos importante que o profesor/a, poida recoñecer o tipo de diversidade que ten unha clase, pero que tamén poida prevela. Os libros de texto seleccionados aportan numerosas suxestións para establecer o grao de coñecemento previo e as diversas maneiras de presentar o material que se inclúe no manual do profesor e no conxunto de material fotocopiado, para establecer os diferentes graos de coñecemento e autonomía dos alumnos/as.

As actividades de reforzo e ampliación permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe.

No material destinado ao profesor, a *Guía Didáctica*, propóñense actividades de reforzo, consolidación e ampliación por cada unidade para os alumnos así como notas para o profesor e consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

Alumnos con dificultades graves de aprendizaxe

a) Para os mellor dotados, facilitaranse contidos e material de ampliación

b) Para os peor dotados, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales. Estas adaptacións serán significativas (supoñerán eliminación de contidos, obxectivos e os conseguíntes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicas ou nucleares). Cando non bastan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos de optatividade, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

Os compoñentes multimedia cos que contan todos os libros seleccionados polo Departamento tamén lle permiten ao profesor moita autonomía á hora de elixir actividades adicionais que se axusten ó tratamento da diversidade na súa aula

12 Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán

Artigo 4. Elementos transversais

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que

sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Artigo 5. *Autonomía dos centros docentes*

1. Os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

2. Os centros docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

3. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que lle corresponda fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas materias da educación en valores e outras ensinanzas.

13 Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

Debido ás circunstancias excepcionais que poidamos atravesar por mor da pandemia, este curso descartamos de entrada calquera actividade complementaria e extraescolar.

14 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Para avaliar a bondade da programación e necesario comparar o nivel de avance previsto co real e determinar cales son os temas nos que os alumnos amosen unha maior dificultade a fin de concederlle unha duración máis axeitada en programacións próximas.

Esta comparación realizarase nas reunións periódicas do Departamento.

APENDICE: modalidades de ensino e avaliación e cualificacións correspondentes.

IES O Ribeiro Curso 2021-2022

Programación de 4º de ESO

a) Modalidade presencial

Avaliación

Realizarase unha tanda de probas (Reading, Writing, Grammar & Vocabulary e Listening).

Para a destreza de Comprensión escrita (Reading) calificaremos dous estándares:

-un texto con preguntas de “true/false” e preguntas de vocabulario (estándar 3.1 ou 3.3 ou 3.5)

-un libro de lectura informativo/de consulta (susceptible de ser encadrable no estándar 3.2)

Para a destreza de Expresión escrita (Writing) calificaremos dous estándares:

-un exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.2)

-unha redacción (estándar 4.1 ou 4.3)

Para a destreza de Comprensión oral (Listening) calificaremos un estándar:

-un exercicio ou ben con preguntas para ser contestadas en detalle ou ben un exercicio con enunciados para ser identificados como “verdadeiros” ou “falsos” (e corrixidos estes últimos) de acordo coa información que proporciona un discurso oral (poderá ser un dos seguintes estándares: 1.3 ou 1.5 ou 1.6).

A destreza de Expresión oral (Speaking) será practicada e avaliada mediante a realización de exercicios orais (diálogos) como noutros anos mais este curso non será calificada na tanda de exames debido á imposibilidade da súa realización en horas lectivas debido á carga de alumnado.

Nesta tanda de probas, ademais das tres destrezas indicadas, haberá un exercicio tipo test con arredor de 30 preguntas para avaliar o estándares 5.1, 5. 2, 5.5 que figuran na sección de Coñecemento de lingua.

Cualificación

As porcentaxes outorgadas aos exercicios serán as seguintes:

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-texto (estándar 3.1 ou 3.3 ou 3.5) **15 %**

-libro de lectura (estándar 3.2) **15 %**

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-exercicio de "Questions & Answers" (estándar 4.2) **20 %**

-redacción (estándar 4.1 OU 4.3) **20 %**

Comprensión oral (Listening) calificaremos da seguinte maneira o estándar:

-exercicio de escoita (un dos seguintes:1.4, 1.5. 1.6) **15 %**

Coñecemento de lingua : test (estándares 5.1, 5. 2, 5.5) **15 %**

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 6 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 5 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erroneamente e é posible que alguén obteña 15 acertos nas 30 preguntas mais, se tén erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

b) Modalidade telemática

Traballo

Básicamente o traballo realizarase por medio da Aula Virtual do noso IES.

-Farase un seguimento do libro de texto: realizaranse polo miúdo as actividades de Reading e Gramática e Vocabulario e, se as editoriais o facilitasen, as de Listening. (De no poderen realizarse estas últimas, remitiremos aos estudantes á páxina ELLLO (English Listening Lesson Library Online) para a súa práctica, guiada e libre.

-Achegaranse exercicios de práctica, reforzo e extensión das estruturas gramaticais e do vocabulario, así como mostras dos exercicios de expresión escrita (Writing), de que serán responsables. Contemplamos a realización de tests sinxelos para adquirir práctica para a proba trimestral consistente nun test de, posiblemente, corenta preguntas. As respostas aos exercicios propostos achegaranse ao cabo de un par de días para incentivar a autocorrección no alumnado.

-Para a práctica da Expresión Oral, achegaranse á A.V. os diálogos que consideremos idóneos para as distintas leccións para que sexan practicados en parellas cando os estudantes quixeren.

-Trataremos de realizar unha conexión semanal mediante Cisco Webex para a consulta e resolución de dúbidas, que tamén serán atendidas no Foro da A.V.

-Para exercicios complementarios de Comprensión Escrita remitirase aos estudantes á páxina web “Breaking News English”.

Para a práctica da Expresión Escrita (Writing) propoñeranse títulos para as redaccións, que os estudantes poderán facer e enviarme para a súa corrección. Estas redaccións serán correxidas e devoltas mais no formarán parte da calificación trimestral.

Polo que se refire ás probos trimestrais, a única diferenza que contemplamos é a eliminación da proba de Comprensión oral (“Listening”) porque non estamos seguros de alcanzar o nivel de coñecementos informáticos requerido para a súa realización correcta e fiable. Esta eliminación suporá unha revisión das porcentaxes outorgadas a cada parte da tanda de exames, tal como se indica na sección de Avaliación e Cualificación.

Avaliación

Realizarase unha tanda de probas (Reading, Writing, Grammar & Vocabulary).

Para a destreza de Comprensión escrita (Reading) calificaremos dous estándares:

- un texto con preguntas de “true/false” e preguntas de vocabulario (estándar 3.1 ou 3.3 ou 3.5)
- un libro de lectura informativo/de consulta (susceptible de ser encadrable no estándar 3.2)

Para a destreza de Expresión escrita (Writing) calificaremos dous estándares:

- un exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.2)
- unha redacción (estándar 4.1 ou 4.3)

A destreza de Expresión oral (Speaking) será practicada e avaliada mediante a realización de exercicios orais (diálogos) como noutros anos mais este curso non será calificada na tanda de exames debido á imposibilidade da súa realización en horas lectivas debido á carga de alumnado.

Nesta tanda de probas, ademais das tres destrezas indicadas, haberá un exercicio tipo test con arredor de 30 preguntas para avaliar o estándares 5.1, 5. 2, 5.5 que figuran na sección de Coñecemento de lingua.

Cualificación

As porcentaxes outorgadas aos exercicios serán as seguintes:

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-texto (estándar 3.1 ou 3.3 ou 3.5) **20 %**

-libro de lectura (estándar 3.2) **20 %**

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.2) **20 %**

-redacción (estándar 4.1 OU 4.3) **20 %**

Coñecemento de lingua : test (estándares 5.1, 5. 2, 5.5) **20 %**

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 5 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 4 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erroneamente e é posible que alguén obteña 15 acertos nas 30 preguntas mais, se téñ erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

c) Modalidad semi-presencial

Segundo cando se suspenda o ensino presencial e se implante un período de confinamento aplicaríamos un modelo (Modalidad presencial) ou ben o outro (Modalidad telemática). É dicir, se non hai suspensión das clases cara ao fin de calquera dos tres trimestres, poderíamos aplicar a Modalidade presencial (realizando a parte de Listening). Se se produce confinamento cara ao fin do trimestre e non podemos realizar a proba de Listening, aplicaríamos a Modalidade telemática.

É, polo tanto, posible que se combinen as dúas modalidades ao longo de todo o curso escolar. Nese caso cada trimestre se avaliaría segundo a modalidade aplicada.

Avaliación

Realizarase unha tanda de probas (Reading, Writing, Grammar & Vocabulary e, **SE É POSIBLE**, Listening).

Para a destreza de *Comprensión escrita* (Reading) calificaremos dous estándares:

-un texto con preguntas de “true/false” e preguntas de vocabulario (estándar 3.1 ou 3.3 ou 3.5)

-un libro de lectura informativo/de consulta (susceptible de ser encadrable no estándar 3.2)

Para a destreza de *Expresión escrita* (Writing) calificaremos dous estándares:

-un exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.2)

-unha redacción (estándar 4.1 ou 4.3)

SE É POSIBLE, para a destreza de *Comprensión oral* (Listening) calificaremos un estándar:

-un exercicio ou ben con preguntas para ser contestadas en detalle ou ben un exercicio con enunciados para ser identificados como “verdadeiros” ou “falsos” (e corrixidos estes últimos) de acordo coa información que proporciona un discurso oral (poderá ser un dos seguintes estándares: 1.3 ou 1.5 ou 1.6).

A destreza de *Expresión oral* (Speaking) será practicada e avaliada mediante a realización de exercicios orais (diálogos) como noutros anos mais este curso non será calificada na tanda de exames debido á imposibilidade da súa realización en horas lectivas debido á carga de alumnado.

Nesta tanda de probas, ademais das tres destrezas indicadas, haberá un exercicio tipo test con arredor de 30 preguntas para avaliar o estándares 5.1, 5. 2, 5.5 que figuran na sección de Cofecemento de lingua.

Cualificación

As porcentaxes outorgadas aos exercicios serán as seguintes:

a) se aplicamos os criterios da modalidade telemática (no caso de seren suspendidas as clases cara ao fin do trimestre e imposibilitar a realización da proba de Listening nos días previstos para facela)

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-texto (estándar 3.1 ou 3.3 ou 3.5) **15 %**

-libro de lectura (estándar 3.2) **15 %**

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3) **20 %**

-redacción (estándar 4.1) (aplicarase nela o 4.2) **20 %**

Comprensión oral (Listening) calificaremos da seguinte maneira o estándar:

-exercicio de escoita (un dos seguintes:1.4, 1.5. 1.6) **15 %**

Coñecemento de lingua : test (estándares 5.1, 5. 2, 5.5) **15 %**

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 6 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 5 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erróneamente e é posible que alguén obteña 15 acertos nas 30 preguntas mais, se tén erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

b) se aplicamos os criterios da modalidade telemática (no caso de seren suspendidas as clases cara ao fin do trimestre e imposibilitar a realización da proba de Listening nos días previstos para facela)

As porcentaxes outorgadas aos exercicios serán as seguintes:

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-texto (estándar 3.1 ou 3.3 ou 3.5) **20 %**

-libro de lectura (estándar 3.2) **20 %**

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3) **20 %**

-redacción (estándar 4.1) (aplicarase nela o 4.2) **20 %**

Coñecemento de lingua : test (estándares 5.1, 5. 2, 5.5) **20 %**

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 5 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 4 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erróneamente e é posible que alguén obteña 15 acertos nas 30 preguntas mais, se tén erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

CUALIFICACIÓN FINAL

Para aprobar cada trimestre, un alumno necesitará ter 5 de 6 (modalidade presencial) ou 4 de 5 estándares básicos, aprobados. Se se ten suspenso 1 estándar esencial , os estudantes só poden aspirar a unha nota de 5 ou 6, ou de maneira extraordinaria a un 7.. As notas superiores (7, 8, 9, 10) requiren ter aprobados tódolos estándares esenciais da seguinte maneira, aproximadamente:

- Suporá ter un 70 % da nota en tódolos estándares;
- Suporá ter un 80 % da nota en tódolos estándares;
- Suporá ter un 90 % da nota en tódolos estándares.

A nota 10 outorgarase de maneira excepcional ao(s) estudante(s) de nota 9 que se destacasen de maneira especial (ter unha nota de 9 en arredor do 70% dos estándares), xa que a obtención dun 100 % da puntuación nun curso enteiro faise imposible.

Consideramos que, se un/ha alumn@ ten tódolos estándares aprobados, un mínimo de 8 en tódalas preguntas do exame xa lle outorga probablemente o punto completo do estándar. Se por algún motivo, algún estándar quedase sen poder ser avaliado, calificaríase sobre o número de estándares que sí formaron parte das probas e se mantería o número de dous estándares que poden non ser superados.

A cualificación final de cada estudante resultará da suma das cantidades obtidas tras aplicar ás notas trimestrais as seguintes porcentaxes:

1º trimestre: 20 % 2º trimestre: 30 % 3º trimestre: 50 %.

Consideramos que estas porcentaxes son xustas polos seguintes motivos. Esta é unha materia das chamadas “progresivas”, nas que non se eliminan partes da materia unha vez feitos e aprobados os exames correspondentes: quen asimilou a materia do terceiro trimestre seguramente pode dar conta suficiente da materia do primeiro e do segundo. Ademais, non se preveu probas de recuperación. Deste modo sairá máis beneficiado o estudante que obteña 4, 5, 5 nos tres parciais que non aquél que obteña 5, 5 e 4 nas probas trimestrais.